



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A ASEMBLEA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE PESCA E SALVAMENTO MARÍTIMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector xeral de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Consellería do Mar formalizou coa Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia na Coruña da Cruz Vermella Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 9 de marzo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración en materia de pesca e salvamento marítimo en coordinación cos medios propios da Consellería do Mar, principalmente nas seguintes actuacións:

1. Actuar en tarefas de salvamento marítimo de forma coordinada cos medios da Consellería do Mar, poñendo os medios operativos da institución a disposición alí onde sexan necesarios.
2. A divulgación entre a poboación mariñeira de métodos elementais de salvamento, utilizando os medios da institución.
3. A participación en exercicios prácticos de rescate, divulgando ao tempo, entre os pescadores, os métodos e técnicas de utilización dos medios utilizados nestes exercicios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

A Consellería do Mar, en función das atribucións conferidas á Xunta de Galicia no artigo 29.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia e no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería, ten competencia, entre outras, en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, para o que dispón de medios persoais e centros públicos debidamente equipados pero que, en ocasións, resultan





insuficientes para actuar en caso de accidentes, sinistros ou emerxencias de calquera tipo que se producen no ámbito marítimo.

Por outra banda, a Cruz Vermella Española é, segundo as súas normas ordenadoras (Real Decreto 415/1996), unha institución humanitaria de interese público configurada como auxiliar colaboradora das Administracións Públicas en accións humanitarias e sociais, desenvolvéndose a súa actuación nos distintos ámbitos do Estado baixo a súa tutela. A devandita institución conta ao longo das costas galegas con estacións e postos de salvamento en diversos portos da Comunidade Autónoma de Galicia, e é a única entidade capacitada para levar a cabo as accións obxecto deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

